

Praza número: 19/1403

Número de prazas: 1

Categoría: Asociado/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Enfermaría.

Área Funcional de Podoloxía

Departamento: Ciencias da Saúde

Docencia: 750G02033 Practicum I 750G02034 Practicum II 750G02035 Practicum III

Centro: Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 12 de xuño de 2020, no que ratifica a proposta da Comisión de Selección en canto á designación do primeiro candidato seleccionado,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. FERNANDO GIL RACIONERO**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor,

Julio Abalde Alonso